



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE E A ASOCIACIÓN DE PAIS DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE INTELLECTUAL, ASPAS, PARA O FINANCIAMENTO DO PROGRAMA ESPECIALIZADO CONSISTENTE NA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE TRANSPORTE ADAPTADO E ACCESIBLE PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE INTELLECTUAL CON GRANDES NECESIDADES DE APOIO, NO EIDO DO RURAL NO EXERCICIO 2025

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A Comunidade Autónoma de Galicia, segundo o establecido no artigo 27.23 do Estatuto de autonomía de Galicia, en consonancia coa habilitación competencial outorgada ás Comunidades Autónomas polo artigo 148.1.20 da Constitución Española, ten competencia exclusiva en materia de asistencia social, polo que, na súa virtude se aprobou a Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia.

A Consellería de Política Social e Igualdade é o órgano superior da administración autonómica ao que lle corresponde as competencias en materia de servizos sociais, e consecuentemente a atención do colectivo de persoas con discapacidade, conforme ao Decreto 139/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Igualdade.

A Asociación de Pais de Persoas con Discapacidade Intelectual, ASPAS, entidade de natureza asociativa, figura inscrita no Rexistro de asociacións co número 2004/007390-1, conforme á Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación.

A entidade figura recoñecida e inscrita como entidade de iniciativa social no Rexistro de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais có número E-0098.

A Asociación ASPAS presta atención a 131 persoas con discapacidade intelectual a través de distintos centros situados na Rúa da Xunlla, Laraño e na Rúa Santa Teresa de Jornet, na periferia de Santiago de Compostela. Para a asistencia e participación plena destas persoas, o transporte é un servizo esencial de accesibilidade, recoñecido pola normativa estatal e autonómica.

A realidade territorial da área de influencia da Asociación ASPAS está marcada pola forte dispersión xeográfica, típica de Galicia. As persoas usuarias residen, especialmente, en contornas rurais e aldeas pertencentes aos concellos de Arzúa, O Pino, A Estrada, Vedra, Brión, Trazo, Ordes, Teo, Ames, e na contorna rural de Santiago de Compostela. Tendo en conta as características da persoas, pola súa mobilidade, e a súa capacidade cognitiva é necesario dun apoio continuado, polo que se realizan recollidas individualizadas incluso no mesmo casco urbano.

A realización deste transporte é completamente imposible facelo a través dun transporte público ou de gran formato, tipo autobús, pola dispersión e os tempos de permanencia no transporte. É un servizo de transporte específico para as persoas que viven na contorna rural, o que dificulta o seu traslado conxuntamente con outras persoas que viven en zonas máis próximas ao centro no que se prestan os servizos.





Así, o servizo de transporte debe contar con varios vehículos, unidades adaptadas con ramplas e sistemas de ancoraxe para cadeiras de rodas. Isto exclúe a moitas empresas de transporte xa quen no dispoñen dos medios axeitados. Para as rutas precisan de seis vehículos que combinan con outra entidade para optimizar o servizo.

A xustificación deste convenio vén motivada pola necesidade de dispor dun servizo de transporte adaptado especializado e de carácter extraordinario. O servizo de transporte resulta imprescindible por varias razóns: por unha banda a dispersión xeográfica extrema, xa que Galicia presenta unha distribución poboacional moi fragmentada; por outra banda a ausencia de transporte público accesible, xa que hai moitas zonas que non teñen autobuses adaptados nin horarios compatibles; e por outra as características das persoas usuarias, xa que unha gran parte teñen problemas de mobilidade, necesidade de acompañamento constante, e un nivel cognitivo que impide desprazamentos autónomos e supervisión especializada.

A través deste servizo garántese o acceso diario, seguro e adaptado das persoas con discapacidade intelectual aos servizos da asociación ASPAS mediante a prestación dun servizo de transporte accesible, eficiente e axeitado á dispersión xeográfica da área de influencia

O obxecto do presente convenio é a colaboración por parte da Consellería de Política Social e Igualdade coa Asociación de Pais de Persoas con Discapacidade Intelectual, ASPAS a través da concesión directa dunha subvención destinada ao financiamento dos gastos derivados da posta en marcha dun programa consistente na posta en marcha dun servizo especializado de transporte adaptado de carácter extraordinario destinado a persoas con discapacidade intelectual con grandes necesidades de apoio usuarias dos centros de dita asociación.

O servizo de transporte debe contar con varios vehículos, unidades adaptadas con ramplas e sistemas de ancoraxe para cadeiras de rodas. Isto exclúe a moitas empresas de transporte xa quen no dispoñen dos medios axeitados. Para as rutas son necesarios seis vehículos, e para optimizar o servizo combinan o servizo con outra entidade de Santiago de Compostela.

Necesítanse varios vehículos polas longas rutas con un percorrido de ida e volta de ata 220 quilómetros e polas recollidas en aldeas moi dispersas de distintos concellos.

A seguridade no transporte só é posible se cada vehículo leva as dúas figuras (persoa condutora e persoa coidadora), xa que o condutor/a non pode atender situacións persoais durante a conducción, e o coidador/a garante apoio físico, emocional e de conduta.

O transporte asegura a asistencia diaria ao centro das persoas usuarias, permitindo ás familias traballar, atender compromisos familiares, dispoñer de tempo de descanso e conciliación.

O servizo de transporte é prestado por unha empresa de transporte externa que reúne os requisitos e achega os vehículos necesarios (adaptados e estándar) e o persoal profesional das rutas. En cada vehículo viaxa un condutor/a e un coidador/a



designado pola empresa, seguindo as indicacións e protocolos acordados con a asociación ASPAS.

A asociación ASPAS realizará o seguimento diario, a coordinación de rutas e o control de calidade

Asinado dixitalmente en Santiago de Compostela

A directora xeral de Persoas con Discapacidade

Begoña Abeijón Fernández

